

Í

Fatema Mernissi

Soños no limiar

Tradución de Rocío Viéitez Ferro

candemaia



Fatema Mernissi (1940-2015), historiadora, escritora, socióloga e ensaísta marroquí, foi Doutora en Psicoloxía e profesora universitaria. Defensora dos dereitos da muller e o seu papel no mundo árabe, o pensamento humanista, o estudo do Corán e a influencia de occidente no mundo árabe.

Entre as súas obras destacan *Beyond the Veil* (1975), *Le Maroc raconté par ses femmes* (1983), *Le harem politique* (1987), *Sultanes Oubliés* (1990) ou *Dreams of Trespass: Tales of a Harem Girlhood* (1994).

No ano 2003 recibiu, xunto con Susan Sontag, o Premio Príncipe de Asturias das Letras. Tamén foi asesora da UNESCO. Con Jamila Hassoune, creou a *Caravane Civique*, para levar libros ao rural marroquí, ademais doutras moitas iniciativas culturais.

ÍNDICE

Nos xardíns da dor	9
1. As fronteiras do meu harén	11
2. Scheherezade, o Rei e as palabras.....	22
3. O harén francés.....	29
4. A primeira co-esposa de Yasmina	35
5. Chama e o Califa	45
6. O cabalo de Tamou	54
7. O harén interior	62
8. Lavado de louza acuático	71
9. Noites de risa á luz da lúa.....	77
10. O salón dos homes	85
11. A Segunda Guerra Mundial vista desde o patio	95
12. Asmahan, a princesa que cantaba.....	103
13. O harén vai ao cine.....	113
14. As feministas exipcias visitan a terraza	123
15. O destino da princesa Budur	133
16. A terraza prohibida	140
17. Mina, a sen raíces.....	152
18. Cigarros americanos.....	169
19. Bigotes e peitos	183
20. O silencioso soño de ás e voos	197
21. A política da pel: ovos, dátiles e outros segredos de beleza	213
22. Henna, arxila e as olladas dos homes.....	225

Nos xardíns da dor

Nos xardíns da dor xorden as formas máis aterradoras. Silveiras de rabia, arbustos de ira, roseiras de tristeza. E todo envolto no frío e a soidade que, noite tras noite, se empeñan en empapar todos estes pesadelos que non parecen coñecer o cansazo.

Pero tamén é certo que, en determinadas ocasións, xusto cando o esgotamento parece non deixar oco para o alento, de súpeto acéndese unha luz. E, nun lugar apartado que resulta ser o centro dese xardín, aparece unha silueta diferente. Unha máis cálida, máis amable. Máis serena. Ás veces, nos xardíns da dor arraiga con forza a árbore da esperanza.

E se un se presta a descansar baixo o seu abrigo, observando con calma o xogo de luces e sombras filtradas dará con que nas súas ramas brotaron con tanta forza como discreción, coa determinación de quen se sabe no camiño correcto, as flores máis hipnoticamente fermosas.

Flores de compaixón, de empatía. A flor do compromiso, a do amor polo próximo... E si, é verdade, algunhas delas teñen espiñas. Espiñas feitas de desesperación ante o inmovilismo, espiñas trezadas de impotencia ante a inacción. Porque a beleza tamén sabe da dor...

Pero, máis aló desas espiñas, tan naturais, o importante é a composición, o feito de que todas esas flores xuntas seguen conformando o máis fermoso ramo que un pode chegar a contemplar nestes días tan desalmados aos que viñemos a asomarnos.

Non hai manto como o da rosada, que tanto sabe de amor e de dor, nin caricia como a súa compañia para acompañar o noso paseo polas flores deste xardín...

E, para mostra, as páxinas que seguen.

Pedro Feijoo Barreiro